



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/58	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	3 de xaneiro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 11:12 ata as 11:35 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Expediente 7611/2017. Solicitud de Paulo Fernández Amaya de prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de P. F. A., na que demanda praza de estacionamento para persoas de mobilidade reducida no lugar do Mercado Municipal, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido ao respecto pola Policía Local, acorda non acceder ao solicitado porque a zona en cuestión sita nas inmediacións da Praza de Abastos xa dispón de tres prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida

**Expediente 7085/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7085/2017.- Outorgar a A. M. C., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Bueu, nº 11-4ºB-San Cibrán-Aldán, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de edificación de 152,03 m<sup>2</sup>., de semisoto para garaxe e trasteiro no lugar de Castrelos-Gandón, segundo o proxecto básico elaborado polo técnico S. G. F. en data xullo de 2017. O presuposto de execución material ascende a corenta mil novecentos trinta e oito euros con sesenta e catro céntimos (40.938,64 €).

Acéptase a fianza depositada en "Abanca" para respostar das obras de urbanización da fronte pública o 15.12.2017, por importe de trescentos dezasete euros con oitenta céntimos (317,80 €) e a cesión formalizada en acta de comparecencia de data 15 de decembro de 2017.

**Expediente 268/2017. Dación conta da prórroga das bolsas de práctica laboral na Deputación e en concellos da provincia de Pontevedra.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informda do seguinte:

Dase conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

do 11 de decembro de 2017 de prorrogar aos seguintes bolserios:

- S. G. R.
- J. S. S.
- R. H. P.
- L. B. V.

A prórroga das bolsas concedidas será do 19.12.2017 ata o 18.06.2018.

**Expediente 5847/2017. Expediente 5847/2017. Dación conta da Addenda ao convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para a renovación do pavimento das Pistas de Atletismo.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

A Xunta de Goberno Local queda informada do seguinte:

Dase conta da addenda ao convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, para a renovación da pavimento das Pistas de Atletismo, asinada en data do 22.12.2017, polo que o importe total das actuacións a realizar ao abeiro do convenio ascenden á cantidade de cento vinte e nove mil novecentos noventa euros con quince céntimos (129.990,15 €), a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará cincuenta mil euros (50.000,00 €) con cargo ao orzamento de gastos para o exercicio 2018 e o Concello de Cangas achegará a cantidade de setenta e nove mil novecentos noventa euros con quince céntimos (79.990,15 €), con cargo ao orzamento de gastos do exercicio 2018; O prazo para presentar a xustificación será antes do 1 de setembro de 2018.

**Expediente 6779/2017. Proposta de aprobación definitiva das axudas do programa "Enredos de Nadal-2017" para nenos/nenas do Concello de Cangas**

**Favorable**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA 'ENREDOS DE NADAL-2017' PARA NENOS/NENAS DO CONCELLO DE CANGAS

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas,

PROPÓN á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das becas de asistencia ao programa 'Enredos de Nadal-2017', que se realizará do 26 de decembro de 2017 ao 5 de xaneiro de 2018, destinadas a favorecer a integración socio laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades de lecer.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME MENOR	Nº DIAS	CUSTO ACTIVIDADE	RESOLUCIÓN	BONIFICA-CIÓN	A PAGAR
E-14579	J. J., M.	P. J., E.	8	40 €	CONCEDIDA	100% (80 €)	0,00 €
		J.J., A.		40 €			
E-14610	F. G., C.	G. F., A.	8	40 €	CONCEDIDA	100% (40 €)	0,00 €
E-14640	R.J., T.	B.R., L.	8	40 €	CONCEDIDA	100% (40 €)	0,00 €
E-14732	A.M., T.	C.A., A.	8	40 €	CONCEDIDA	100% (40 €)	0,00 €
E-14762	D. G., A.	C. D., A.	4	20 €	CONCEDIDA	100% (20 €)	0,00 €
E-14774	B.P., L.	I. B., A.	4	20 €	CONCEDIDA	100% (60,00 €)	0,00 €
		B. P., I.	8	40 €			
E-14775	MAURICIO TELLADO, RAQUEL	G.M., L. D.	8	40 €	CONCEDIDA	100% (120 €)	0,00 €
		G. M., P. A.		40 €			
		G.M., D. A.		40 €			
Nº SOLICITUDES PRESENTADAS		Nº MENORES		100%	ORZAMENTO DO PROGRAMA 400 €".		
7		11					

**Expediente 7202/2017. Proposta de aprobación de proxecto e inicio do expediente da obra "Rehabilitación da Casa dos pobres" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta:

"Expediente nº: C-17/27\_\_7202/2017

**Concello de Cangas**



*PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE*

*Visto o proxecto redactado polo arquitecto técnico Á. G. P., colexiado nº PR079 do Colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra, para a execución da obra 'Rehabilitación da Casa dos pobres'.*

*Vista a resolución presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 08.11.2017, pola que "concede ao Concello de Cangas a cantidade de cincuenta e tres mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e nove céntimos (53.837,59 €), con destino ao financiamento do investimento 'Rehabilitación da Casa dos pobres' (Expte. nº 2017046320), cun orzamento polo mesmo importe, é dicir "cincuenta e tres mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e nove céntimos (53.837,59 €).*

*Visto que polo interventor municipal se emitiu o documento contable de retención de crédito por importe de cincuenta e tres mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e nove céntimos, con cargo á aplicación orzamentaria 231-622 (asentamento nº 012678 do día 21.11.2017).*

*Por todo o exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto redactado polo arquitecto técnico Á. G. P., colexiado nº PR079 do Colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Pontevedra, para a execución da obra 'Rehabilitación da Casa dos pobres'.*

*SEGUNDO.- Iniciar o procedemento de adjudicación do contrato menor de obra 'Rehabilitación da casa dos pobres', incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2017) por importe de cincuenta e tres mil oitocentos trinta e sete euros con cincuenta e nove céntimos (53.837,59 €)..*

*TERCEIRO.- Remitir as oportunas invitacións ás empresas que a continuación se indican co fin de que presenten as súas ofertas no prazo de 10 días hábiles:*

*Sestrama 09, S.L. (sestrama-09@hotmail.com).*

*Construcciones Cores Meaño S.L.U. (eladovi7@gmail.com).*

*ACRY (acrydepromocionestobras@gmail.com).*

*CUARTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención".*

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos



**Concello de Cangas**

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850